



**ACTA DA SESION EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DO
CONCELLO O DIA VINTE E TRES DE XUÑO DE DOUS MIL ONCE**

ASISTENTES:

ALCALDE-PRESIDENTE

D. Melchor Roel Rivas

CONCELLEIROS

- D^a. María Loureiro García, (PS de G-PSOE)
- D.. Jesús Antonio Fernández Cal , (PS de G-PSOE)
- D^a. M^a.Isabel Rodríguez López , (PS de G-PSOE)
- D. Carlos Alberto Gueimunde Cabaleiro, (PS de G-PSOE)
- D^a. Covadonga Viamonte Aguiar, (PS de G-PSOE)
- D. Bernardo José Fraga Galdo (B.N.G.)
- D^a Olaia Casas Chaves (B.N.G.)
- D. Manuel Galdo Dopico (B.N.G.)
- D. César Aja Mariño, (P.P.)
- D. Jaime Eduardo de Olano Vela, (P.P.)
- D^a. M^a.del Carmen Gueimunde Gonzalez, (P.P.)
- D^a. Cándida Mendez Salgado, (P.P.)
- D. Celestino Valentín García Paz, (P.P.)
- D. Antonio José Bouza Rodil, (P.P)
- D. Guillermo Leal Arias (IVI)
- D. Jesús Fernández Fernández (IVI)

SECRETARIA ACCIDENTAL

D^a. M^a. Fátima Moar Rivera

INTERVENTOR

D. Fidel García Martúl

Na Casa do Excmo.Concello de Viveiro, sendo as vinte horas trinta minutos do día vinte e tres de xuño de dous mil once, baixo a Presidencia do Sr.Alcalde. D.Melchor Roel Rivas, e coa asistencia dos Sres. Concelleiros relacionados anteriormente, así como da secretaria accidental, D^a. Fátima Moar Rivera, que substitúe, celébrase sesión extraordinaria do Pleno do Concello, en primeira convocatoria.

Aberta a sesión e declarada pública polo Sr. Alcalde-Presidente á hora indicada, previa comprobación pola Sr^a. Secretaria do quórum de asistencia necesario, procede ó tratameto dos asuntos contidos na Orde do Día.

1º.-APROBACION, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESION CONSTITUTIVA CELEBRADA DO DIA 11 DE XUÑO DE 2011.



Polo Sr. Alcalde pregúntaselle aos Srs. Concelleiros se teñen algunha observación ou aclaración que facer á acta da sesión constitutiva celebrada do día 11 de xuño de 2011.

Seguidamente, intervén o Voceiro do PP, D. César Aja Mariño, que dí que , respecto á acta non ten que facer salvidades, pero sí con respecto á convocatoria da sesión, pediríamos que no futuro os informes previos ao pleno, estean en posesión dos concelleiros e toda a documentación da orde do día coa debida antelación, e non como pasou nesta, do día 20 de xuño que o informe da Intervención figura coa data de 21, por iso, que de aquí en diante, se corrixa este erro.

Seguidamente, intervén o Voceiro do BNG, D. Bernardo José Fraga Galdo e dí que na súa intervención debe dicir, e é correcto que diga o que dixo: é unha honra para os tres concelleiros do BNG ser elixidos e servir e traballar por Viveiro e non o que se reflecta na acta a él só.

Non se producen máis intervencións, e o Pleno da Corporación, por unanimidade, acorda aprobar dita acta.

2º.-FIXACION DAS SESION ORDINARIAS DO PLENO DA CORPORACION

Polo Sr. Alcalde dáse lectura ás seguintes propostas da Alcaldía:

" Asunto.-FIXACION DAS SESION ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACION

Para os efectos de dar cumprimento ó disposto no artigo 38 do R.D. 2568/1986 polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais e artigo 46 Lei 7/85 reguladora das Bases do Réxime Local PROPOÑO Ó Pleno da Corporación para a súa aprobación se procede, a adopción do seguinte acordo:

O Pleno da Corporación celebrará sesións ordinarias cunha periodicidade mensual , o terceiro xoves de cada mes, as vinte horas e trinta minutos. Se a referida data coincidira cunha festividade local, autonómica, nacional ou doutro carácter celebrárase a dita sesión ordinaria no seguinte xoves."

Sometido a votación o presente punto acordase, por UNANIMIDADE, aprobar a proposta da Alcaldía sobre a fixación das sesións do Pleno da Corporación.

3º.-CREACION E COMPOSICIÓN DE COMISIONS DE ESTUDIO, INFORME E CONSULTA



Polo Sr. Alcalde dáse conta da creación e composición de Comisións de Estudo, Informe e Consulta para os efectos de dar cumprimento ó disposto no artigo 38 do R.D. 2568/1986, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais e artigo 20 e 116 da Lei reguladora das Bases do Réxime Local, **PROPOÑO** o Pleno da Corporación para a súa aprobación, se procede, a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Crear as seguintes Comisións Informativas :

Comisión do Plan Xeral de Ordenación Municipal

Comisión informativa de Economía

Comisión informativa de Urbanismo, infraestructuras, Obras e Medio Ambiente.

Comisión Informativa de Benestar Social

Comisión Informativa de Desenvolvemento Local

Comisión Informativa de Cultura e Mocidade

Comisión Especial de Contas

Mesa de Contratación

Xunta de Voceiros.

Segundo.-

Estas comisións estarán presididas polo Alcalde-Presidente ou en quen él delegue e estarán integradas por un representante de cada grupo municipal que terán voto ponderado en virtude do número de concelleiros que representen.

Terceiro.-

Os membros destas comisións serán convocados e, no caso de que non poidan asistir, serán eles os encargados de avisar á persoa en quen deleguen.

Seguidamente, aberto o turno de intervención, toma a palabra o Voceiro do P.P. D. César Aja Mariño, que indica que desexa suxerir unha modificación e incluír na Comisión de Urbanismo xa a Comisión do Plan Xeral de Ordenación Municipal, evitando así que haxa dúas comisións,; por outra banda, tamén quere indicar que se vota de menos que non se cree unha Comisión de Persoal.

Seguidamente, intervén o Voceiro do BNG, D. Bernardo José Fraga Galdo, que indica que está de acordo coa suestión do Voceiro do PP, Sr. Aja Mariño, e que se podería estudar esta acertada modificación e suxestión.

Sométese a votación polo Sr. Alcalde o presente punto, resultando aprobado por unanimidade .

4º.- DACION DE CONTA DE RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA, NA MATERIA DE NOMEAMENTOS.



Polo Sr. Alcalde dáse conta do Decreto de nomeamentos como representantes do grupo de goberno nos colexios públicos e centros de ensinanza pública deste Concello que transcrito, literalmente, dí:

“DECRETO

D.MELCHOR ROEL RIVAS, Alcalde-Presidente do Excmo. Concello de VIVEIRO, en virtude do disposto nos artigos 21.2 da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases de Régime Local, 61.2 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, e nos artigos 46 e 47 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais.

Unha vez constituída esta Corporación Local, o pasado día 11 de xuño, e ao ser preceptiva a constitución da Xunta de Goberno deste Concello, segundo o dispón o artigo 20.1, apartado b) da Lei 7/85 citada e 59.2, apartado b) da Lei 5/97, de administración Local de Galicia.

RESOLVO

PRIMEIRO.- Nomear Tenentes de Alcalde aos seguintes Concelleiros:

Primeiro Tenente de Alcalde: D.BERNARDO FRAGA GALDO (BNG)

Segundo Tenente de Alcalde: D^a.MARIA LOUREIRO GARCIA (PSdG-PSOE)

Terceiro Tenente de Alcalde: D.MANUEL GALDO DOPICO (BNG)

Cuarto Tenente de Alcalde: D.JESÚS ANTONIO FERNÁNDEZ CAL (PSdG-PSOE)

Como Tenentes de Alcalde corresponderalles substituír a esta Alcaldía, na totalidade das súas funcións e pola orde do seu nomeamento, nos casos de ausencia, enfermidade ou impedimento que imposibilite a esta para o exercicio das súas atribucións.

SEGUNDO.- Dar conta da presente resolución ao Pleno da Corporación na primeira sesión que celebre, notificándolles, persoalmente, aos designados e publicando no Boletín Oficial da Provincia o edicto correspondente, sen prexuízo da súa efectividade, dende o 24 de xuño de 2011.

Mandoó e asinoo en Viveiro a vinte de xuño de dous mil once

A) “DECRETO DE NOMEAMENTO DE REPRESENTANTES NOS COLEXIOS E CENTROS DE ENSIÑANZA PÚBLICA

Propónse o nomeamento dos representantes nos Colexios Públicos e Centros de Ensinanza Pública:



C.E.I .“SAN ROQUE”: D^a. María Loureiro García
C.E.I.P. COVAS: D^a. Olaia Casas Chaves
C.P. SANTA RITA DE GALDO: D. Jesús Antonio Fernández Cal
CEP LOIS TOBIO: D. Manuel Galdo Dopico
C.E.I.P. PEDROSA LATAS DE CELEIRO: D^a. Olaia Casas Chaves
IES IRMANS VILAR PONTE: D. Bernardo Fraga Galdo
IES MARIA SARMIENTO: D^a. Covadonga Viamonte Aguiar
ESCOLA OFICIAL DE IDIOMAS: D^a. María Isabel Rodríguez López
C.E.I.P. LANDRO: D.Carlos Alberto Gueimunde Cabaleiro.

Publicar integramente o acordo que resulte no Taboleiro de Anuncios desta Entidade e notificar ós organos respectivos.

Mándao e asíno o Sr.Alcalde, D.Melchor Roel Rivas, en Viveiro a día vinte de xuño de dous mil once”.

A seguir, o Sr.Alcalde da conta do Decreto de nomeamento de dos membros da Xunta de Goberno:

“DECRETO

D.MELCHOR ROEL RIVAS, Alcalde-Presidente do Excmo.Concello de VIVEIRO, en virtude do disposto nos artigos 21.1 da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases de Régime Local, 61.2 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, e nos artigos 46 e 47 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais.

Unha vez constituída esta Corporación Local, o pasado día 11 de xuño, e ao ser preceptiva a constitución da Xunta de Goberno deste Concello, segundo o dispón o artigo 23.3, da Lei 7/85, do 2 de abril ,Reguladora das Bases de Réxime Local e o artigo 65 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración Local de Galicia,

RESOLVO

PRIMEIRO.- Que a Xunta de Goberno Local, presidida por esta Alcaldía, estea integrada polos seguintes concelleiros:

D.BERNARDO FRAGA GALDO (BNG)
D^a.MARIA LOUREIRO GARCIA (PSdG-PSOE)
D.MANUEL GALDO DOPICO (BNG)
D.JESÚS ANTONIO FERNÁNDEZ CAL (PSdG-PSOE)



SEGUNDO.- Dar conta do referido nomeamento ao Pleno da Corporación na primeira sesión que celebre, notificándolle, persoalmente, aos designados e publicando no Boletín Oficial da Provincia o edicto correspondente.

Mandóo e asinoo en Viveiro a día vinte de xuño de dous mil once.

A continuación, polo Sr. Alcalde dáse lectura do Decreto de delegacións que, transcrito, literalmente, dí:

DECRETO

D.MELCHOR ROEL RIVAS, Alcalde-Presidente do Excmo. Concello de VIVEIRO, en virtude do disposto nos artigos 23.4 da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, 61.3 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, e nos artigos 43 DO Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais.

RESOLVO:

PRIMEIRO.- Outorgar aos Concelleiros do grupo de goberno que se expresan as seguintes delegacións:

AREA DE OBRAS, CULTURA E TURISMO

Responsable da área: D. BERNARDO FRAGA GALDO (1º Tenente de Alcalde)

OBRAS, SERVIZOS PUBLICOS E MAR.

Obras, alumeadado, mercados, sanidade, cemiterio, ciclo da auga (subministro domiciliario, rede de saneamento e tratamento de augas residuais, depuradora), xestión de lixo, recollida domiciliaria e limpeza viaria, e mar.

Concelleiro Delegado: D. Bernardo Fraga Galdo

CULTURA, MOCIDADE E TURISMO

Cultura, OMIX, Biblitca, Museos e Salas de Exposicións, Teatro, Cronista Oficial, Entroido, Nadal, Mercado Renacentista, Noites Alternativas, Oficina de Turismo, desenvolvemento turístico, Rutas de Senderismo, Representación nos organismos turísticos, Políticas de Acción Xuvenil.

Concelleira Delegada: D^a Olaia Casas Chaves

AREA DE URBANISMO, xestión administrativa, BENESTAR SOCIAL, SEGURIDADE CIDADÁ



Responsable da área: D^a. MARIA LOUREIRO GARCIA
(2^a Tenente de Alcalde)

URBANISMO, XESTION ADMINISTRATIVA, REXIME INTERNO, E PARTICIPACIÓN CIDADÁ.

Urbanismo, patrimonio municipal, xestión administrativa, arquivo municipal, administración electrónica, atención cidadá.

Concelleira Delegada: D^a.MARIA LOUREIRO GARCIA

BENESTAR SOCIAL

Servizo de Axuda no Fogar, Xantar na Casa; información, orientación e asesoramento; programas de adolescentes en perigo de exclusión social; plan nacional de desenvolvemento xitano, taller de alzheimer e de memorial; bonobús, centros socioculturais e de amiores; convenio con Cogami e servizo de psiquiatría.

Concelleira Delegada: D^a.María Isabel Rodríguez López

SEGURIDADE CIDADADA E PROTECCIÓN DA COMUNIDADE

Policía Local, Tráfico, Seguridade Vial, Seguridade Cidadá, Grumir, Protección Civil e Seguridade Cívica

Concelleiro Delegado: D. Carlos Alberto Gueimunde Cabaleiro

AREA DE DEPORTE E DESENVOLVEMENTO LOCAL

Responsable da área: D.Manuel Galdo Dopico
(3^o Tenente de Alcalde)

DEPORTES, COMERCIO E DESENVOLVEMENTO LOCAL

Deportes, Comercio, Mercados; Consumo, Industria, Formación e Emprego.

Concelleiro Delegado: D.Manuel Galdo Dopico

AREA DE MEDIO AMBIENTE, EDUCACIÓN, MULLER E FACENDA, EMIGRACIÓN

Responsable da área: D.Jesús A. Fernández Cal
(4^o Tenente de Alcalde)

MEDIO RURAL, MEDIO AMBIENTE

Xardíns, Zonas Verdes, Prazas, Praias, Xestións das Políticas Medio Ambientais e Medio Rural, coa atención integral do mesmo.

Concelleiro Delegado: D.Jesús A.Fernández Cal

FACENDA, MULLER, EDUCACIÓN E EMIGRACIÓN



Xestións e Xeración dos Recursos, Intervención, Tesourería, Recadación, Contratación de Obras, servizos, subministros, Centro de Información á Muller, Casa di Emigrante, Conservatorio Profesional de Música de Viveiro e atención aos centros educativos; Gardería Municipal

Concelleira Delegada: D^a. Covadonga Viamonte Aguiar

O ámbito destas Delegacións será, en xeral, para todos aqueles asuntos intrínsecos aos que se refiren, agás a Dirección do Persoal afecto ao servizo e a resolución de actos administrativos que afecten a terceiros.

Delegaranse as facultades de dirección, inspección e xestión dos servizos a que se refira.

A delegación será válida a partir da data fixada nesta proposta, e en tanto non se revoca dita delegación por esta alcaldía.

A presente delgación de atribucións surtirá efectos dende o 24 de xuño, debendo darse conta na sesión que celebre, sen perxuizo da súa aplicación no BOP, consonte ao disposto no artigo 44 do ROF.

SEGUNDO: Dar conta do referido nomeamento ao Pleno da Corporación na primeira sesión que celebre, notificándolles, persoalmente, aos designados e publicando no Boletín Oficial da Provincia o edito correspondente.

Mandoo e asínoo en Viveiro a vinte de xuño de dous mil once.

5º.- PROPOSTA DE APROBACIÓN DAS DEDICACIONES EXCLUSIVAS: COMPLETA E PARCIAIS

Polo Sr. Alcalde dase conta da proposta, pero antes fai constar que conforme co informe do Sr. Interventor, que se entregou o día seguinte de estar convocado o pleno, que para as dedicacións parciais hai que indicar o tempo, polo que faremos constar na acta, que será de media xornada polo que se someterá a súa aprobación con esta modificación. por lo que se aprobará con esta modificación, o Sr. Alcalde, propónse ao Pleno, de acordo co artigo 75 da Lei 7/85, de 2 de abril, Lei de Bases do Réxime Local, e na redacción dada pola mesma Lei 14/2000

PRIMEIRO.-A aprobación das seguintes retribucións:

Dedicación exclusiva para María Loureiro García: 22.435,80
Euros/anuais.

Dedicación parcial para Olaia Casas Chaves: 11.217,96
Euros/anuais.

Dedicación parcial para Bernardo Fraga Galdo: 11.217,96
Euros/anuais.



Acórdase a alta no réxime da Seguridade Social, nos casos das dedicacións parciais, a partir do día 24 de xuño de 2011.

Acordase a alta no réxime da Seguridade Social, no caso da dedicación exclusiva total, a partir do día 24 de xuño de 2011.

As retribucións actualizaranse anualmente coa suba que ao respecto establece a Lei de Orzamentos Xerais do Estado para o persoal ao seu servizo.

SEGUNDO.- As retribucións de Melchor Roel Rivas e de María Loureiro García enténdense prorrogadas dende a toma de posesión ata o 23 de xuño de 2011; data na que a dedicación exclusiva da alcaldía deixa de ter efectos económicos, e a de María Loureiro García pasa a ser a do punto primeiro.

TERCEIRO.- Ordear a publicación integra deste acordo no Boletín Oficial da Provincia e fixar ao mesmo tempo no taboleiro de editos do Concello ao obxecto de cumprir os requisitos legais de publicidade e transparencia na xestión dos servizos públicos.

CUARTO.- Dar traslado do presente acordo ao departamento de Intervención e Tesourería para a súa tramitación.

Mandoo e asínoo en Viveiro a vinte de xuño de dous mil once."

Aberto o debate pola Presidencia, intervén en primeiro lugar o vicevoceiro do P.P.. D.Jaime Eduardo de Olano Vela, quen manifesta que examinado o informe de intervención dí que a proposta do Alcalde esta incompleta e non se axusta á legalidade vixente, por non mencionarse expresamente na Proposta, os cargos que dan lugar á dedicación, non mencionarse a aplicación presupostaria que financia o gasto, non se recolle a réxime da dedicación mínima necesaria para a percepción das retribucións, e advírtese a falta de informes referido aos aspectos xurídicos da proposta, polo que solicito que, antes de a aprobación polo Pleno, se susbsanen estas deficiencias.

Intervén a continuación o Voceiro do BNG, D. Bernardo José Fraga Galdo, para sinalar que hai informe da Secretaria, e por outra banda, que está de acordo en que se fixe a xornada nas dedicacións parciais como dice no Informe o Sr. Interventor, polo que se deberá fixar a xornada e xa queda zanzado.

Seguidamente, toma a palabra o Voceiro de IVI, D. Guillermo Leal Arias, para indicar que cando é xornada parcial, se entende que hai que sinalar o horario, pero nos vemos que aquí non se incumpre nada, aínda que esto fíxose desde o equipo de goberno e como é loxico nós vamonos abster, vemos tamén que hai informe de Secretaría sobre a legalidade da dedicación exclusiva e parcial e remata dicindo, que as cantidades son as que son, e antes cobrábase máis.



A Continuación, e para rematar, intervén o Sr. Alcalde que fai constar que por parte da Alcaldía, vaise comunicar ao Sr. Interventor os cargos que ostentan na Corporación os concelleiros, que son os mesmos que están reflectidos nos Decretos da carpeta do pleno desta sesión, pero entendo que non deu tempo de examinar o expediente e non teremos ningún motivo que impida comunicarlle ao Interventor os cargos que ostentan os concelleiros, que son os Tenentes de Alcalde, pero tamén é verdade, continúa o Sr. Alcalde, que cando se trata de dedicacións parciais hai que establecer a xornada, tamén indico que é competencia do xefe de persoal, pero o Sr. Interventor non é o xefe de persoal, e tamén faremos saber que hai persoal que falta o traballo sen xustificar, comunicarémolo tamén para que se desconte o tempo sen traballar e sen xustificar, e isto tamen se debe de poñer en coñecemento do Sr. Interventor para desconto. O horario vaise fixar polo Xefe de persoal e neste caso é o alcalde, remata dicindo.

Respostalle o Vicevoceiro do P.P. Sr. Olando de Vela, que dí que o Sr. Interventor o que pide no informe é que se reflecte o número de horas diarias, semanais ou mensuais dedicadas ao cargo., que non se reflectía na proposta.

Para rematar, o Sr. Alcalde aclara á corporación que nesta sesión tampouco ven ningunha porposta adicada á modificación de cantidades para o abono de asistencias dos membros da Corporación ás sesións do Pleno, Xunta de Goberno, kilometraxes e dietas, xa que son as mesmas asignacións por asistencias a Plenos e sesións e así vamos a continuar coas establecidas no Presuposto Xeral do ano 2003, engade,: non quero ir para atrás, xa que entón, seríamos moito menos austeros.

Sometida a votación a proposta das dedicacións exclusivas, queda aprobada por maioría absoluta con NOVE votos a favor, que resultan ser: (6) PSdG-PSOE; 3 (BNG).

Votos en contra (6) que resultan ser do P.P.

Abstencións: (2).do partido do IVI

Ordear asimesmo a publicación no Boletín Oficial da Provincia do presente acordo.

E non habendo mais asuntos de que tratar, polo Sr. Alcalde dáse por rematado o Pleno de Organización do Concello de Viveiro, levantándose a sesión as vinte e unha horas, do día con que se encabeza a mesma, extendéndose a presente Acta, por triplicado exemplar, do que certifico.

Vº e Prace
O ALCALDE

A SECRETARIA ACCTAL